


**É o mesmo estar só que sentirse só?  
O pequeno ourizo adéntrase no bosque para atopar a resposta.**

**AUTORES:** David Gómez & Susana Peix  
**ILUSTRADORA:** Carolina Luzón  
**ISBN:** 978-84-8289-580-2 Castelán  
978-84-8289-579-6 Galega  
978-84-8289-581-9 Catalán  
**PUBLICACIÓN:** Xuño 2022  
**FORMATO:** Tapa dura  
**MEDIDAS:** 24 x 25 cm  
**PÁXINAS:** 40  
**IDADE ORIENTATIVA:** >4  
**PREZO SIN IVE:** 15,87 €  
**PREZO CON IVE:** 16,50 €



**Nestas páxinas atoparás unha fermosa historia sobre a importancia de sentirse a gusto cun mesmo.**

É o mesmo estar só que sentirse só? Unha pregunta que convida a unha profunda reflexión acerca dos estados de ánimo asociados á sensación de estar só, que non é o mesmo que sentirse só.

Ao pequeno ourizo, a súa mamá díxerlle que aos ourizos gustáballes estar sós. E para comprobar se iso era certo, o pequeno ourizo adentrouse no bosque. Estarei ben só?, preguntouse antes de comezar a súa viaxe.

Na súa travesía, o protagonista desta historia cruzarase con outros animais do bosque que lle farán sentir estados de ánimo moi diferentes: curiosidade, medo, desconfianza, ou tranquilidade entre outros.

Levaría razón a súa nai ou a súa viaxe descubrirlle novas emocións?

**Temas:** medos, desconfianza, soitude.



## David Gómez



David é gaditano de nacemento e granadino de adopción. Medrou xogando entre casetas de cores de pescadores en plena baía de Cádiz. En Granada, bota moito en falta o recendo a marismas, lodo e sal. O olor da súa infancia. Introvertido de primeiras, desde pequeno resgárdase na lectura para escapar da realidade. Mentres está a ler, nunca se sente só.

En moitos momentos da súa vida, a soidade e a súa cadela Luna, que xa partiu, foron grandes compañeiras de viaxe. Agora gústalle estar só por momentos e goza deses pequenos intrs para conectar consigo mesmo e dar renda solta ás historias que vai almacenando na súa cabeza. Moitas quedan en nada e outras van buscando o camiño para seren compartidas.

A súa relación cos libros foise estreitando tanto no tempo que rematou estudando Biblioteconomía e Documentación en Granada, lugar onde botou raíces e formou a súa propia familia.

## Susana Peix



Escritora camuflada de bibliotecaria. Naceu en Barcelona e agora vive nunha pequena vila da Costa Dourada. Desde que descubriu a chave que abre o mundo da imaxinación pasa o día entrando e saíndo, así que é difícil saber se está ou non nas nubes...

Encántalle contar contos e móvese coma o peixe na auga na súa canle de Instagram ememodepeix.

É especialista en literatura infantil e en accesibilidade universal e unha gran defensora do dereito de acceso á lectura dos nenos e nenas con discapacidade ou con dificultades lectoras.

## Carolina Luzón - ilustración



Cando tiña cinco anos, os seus pais trasladáronse de Barcelona, a súa cidade natal, a Granada. Ela estivo un ano sen comer porque dicía que as rúas eran moi pequenas e a luz moi diferente. Seguramente fose a primeira folga de fame por motivos estéticos da historia.

A luz, as cores e as formas foron moi importantes para ela. É o que ten nacer nunha familia de artistas, que o de dedicarse profesionalmente á pintura non era unha opción, senón unha necesidade. Estivo máis de vinte anos pintando elefantes, a vida das mandas e a soidade dos grandes machos. Cando se fai da casa aprendeu a estar soa e non o levaba mal.

Un día, seguindo unha frecha amarela encontrou o amor, unha nova terra e a ilustración. Oficio ao que lle dedica corpo e alma e que fai que a súa vida sexa máis redondiña e completa.